

Flexibilización do módulo de FCT

Resolución do 23 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se adoptan medidas excepcionais no desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e nas ensinanzas de réxime especial

Dúas opcións

1. Realizar a FCT en **período ordinario** (abril-xuño 2020)
2. Realizar a FCT **fóra deste período ordinario**

1. FCT en período ordinario (abril-xuño 2020)

Opción a

- Sempre que haxa empresa dispoñible e estea en condicións de acoller ao alumno/a pode realizase o módulo de FCT en situacións reais de traballo.
- Pódese reducir a duración do módulo 220 horas (~5½ semanas) en ciclos medios e superiores e 130 horas en ciclos básicos (~3½ semanas).
- Poden incluírse o módulo de FCT días non lectivos e/ou ampliar ata 10 as horas diarias de estadía.
- Se existe a posibilidade de teletraballo, favorecerase esta opción.

1. FCT en período ordinario (abril-xuño 2020)

Opción b

- Ciclos superiores LOE: Pódese **integrar os módulos de FCT e Proxecto** nun único módulo cunha duración de 245 horas (FCT 220 horas e proxecto 25 horas).
- Ciclos medios e básicos: Pódese **substituír o módulo de FCT** por unha proposta de actividades asociadas á contorna laboral.

2. FCT fóra do período ordinario (a partir de xuño 2020)

Opción C

Desenvolver o módulo de FCT no curso actual (antes do 31 de agosto de 2020).

- Para o alumnado que de xeito voluntario desexe realizar o módulo de FCT en situacións reais de traballo, sempre que a empresa estea en condicións de acollelo e remate no curso actual, antes do 31 de agosto de 2020.

2. FCT fóra do período ordinario (a partir de xuño 2020)

Desenvolver o módulo de FCT a partir do 1 de setembro de 2020.

Opción d

- O alumnado matricularase en calquera dos períodos extraordinarios establecidos para realizar o módulo de FCT e, de ser o caso, o módulo de Proxecto.

Opción e

- O alumnado pode optar por realizar o módulo de Proxecto no período ordinario (abril-xuño 2020) ou ben no momento de realizar a FCT, aínda que a avaliación efectiva se fará cando se realice a FCT.

Nestas dúas opcións, o alumnado deberá presentar no centro educativo unha **solicitud** antes do 30 de xuño de 2020

Resumo. Ciclos superiores

Opcións	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
a	<div>Módulo de FCT</div> <div>Módulo de Proxecto</div>								
b	<div>Módulo integrado FCT+Proxecto</div>								
c			<div>Módulo de FCT</div> <div>Módulo de Proxecto</div>						
d						<div>Módulo de FCT</div> <div>Módulo de Proxecto</div>			
e	<div>Módulo de Proxecto</div>					<div>Módulo de FCT</div>			

Resumo. Ciclos básicos e medios

Opcións	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
a	Módulo de FCT								
b	Proposta de actividades asociadas á contorna laboral								
c			Módulo de FCT						
d						Módulo de FCT			

Notas

- Se o alumno/a quere **continuar estudos** debe escoller a FCT en período ordinario (opción **a** ou **b**), pois é o único modo de titular en xuño e poder presentarse á convocatoria de xuño de admisión para os novos estudos. Coa opción **c** tamén podería empezar o curso 2020/21, pero entraría na convocatoria de admisión de setembro.
- Ao alumnado que realice a FCT en empresa non lle será de aplicación a integración de módulos de FCT e Proxecto, polo que en ciclos superiores fará o Proxecto ordinario do curso 2019/20.
- Nas opcións **d** e **e** o alumnado deberá presentar no centro educativo unha **solicitud** antes do 30 de xuño de 2020.